

GUÍA PARA A REALIZACIÓN DUN INFORME DE LABORATORIO

AUTOR OU AUTORA DO INFORME

Nome e apelidos

DATA

Día - Mes - Ano

Título da práctica

INTRODUCCIÓN

Contexto ou antecedentes teóricos sobre o tema da práctica.

OBXECTIVO(S)

Finalidade ou propósito do experimento.

O obxectivo ou obxectivos redáctanse en infinitivo e con frases curtas e precisas.

MATERIAL

Listado de material necesario para realizar a práctica: utensilios, reactivos, material biolóxico, etc.

PROCEDEMENTO

Neste apartado indícanse todos os pasos necesarios para realizar o experimento, detaiando o uso dos diferentes materiais, tempos, temperaturas, etc. e todos aqueles detalles necesarios que permitirían repetir o experimento a calquera outra persoa que dispuxese do informe.

RESULTADOS

Neste apartado rexístranse todo tipo de datos obtidos durante a realización da práctica, anotando toda a información que poida ser relevante: datos numéricos resumidos mediante táboas, gráficas, etc. e/ou fotografías do proceso do experimento e dos produtos finais. Por exemplo, se se emprega o microscopio óptico, pódense tomar fotografías das preparacións a diferentes aumentos (é importante indicar este aspecto).

Tamén neste apartado se rexistra calquera anomalía que se detecte, aínda que se repita o experimento.

CONCLUSIÓN(S)

Análise, valoración e/ou avaliación dos resultados obtidos, comentando de forma crítica se os resultados son os esperados ou non. Pódense facer comparativas cos resultados obtidos por outros compañeiros, relacionalos cos aspectos teóricos tratados no primeiro apartado e/ou cos obxectivos da práctica, establecendo relacións con aspectos cotiás, etc.

Convén resumir o que aprendemos e indicar os erros que ocorreron para telo en conta en prácticas posteriores.